



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Dada a necesidade de crear unha Bolsa de traballo á que se poida recurrir para cubrir os postos de TSFAAFD na Fundación de Deportes do Concello a XGL, en sesión celebrada o día 15 febreiro de 2011, acordou solicitar aos servizos de emprego unha relación de candidatos para realizar a oportuna selección. En consecuencia, procede aprobar as seguintes Bases que rexirán dito proceso de selección:

BASES DE SELECCIÓN

1.- A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos e unha entrevista persoal, e poderán presentarse todas as persoas que reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público, conforme ao Estatuto Básico do Empregado Público (Ley 7/2007) e estean en posesión do título de Técnico Superior en Actividades Físico Deportivas ou superior.

2.- A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un empregado público.
- Vogais: (3): Tres empregados/as públicos.
- Secretaria/o: a do Concello, ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

3.- As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4.- O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, conforme o seguinte baremo:

1 - Por ter prestado servizos como TSAAFD.

- na Administración Pública: 0,5 puntos por cada ano de traballo.
- en Institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada ano de traballo.
 - o Ata 4 puntos como máximo.

2 - Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc), que teñan relación directa co posto a desempeñar, serán avaliados polo Tribunal:

- o Ata un máximo de 6 puntos.

3 - Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala. Esta proba poderá substituírse pola acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título do CELGA 4 (terá a mesma validez posuír a certificación de aptitude do curso de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 de Perfeccionamento).

O resultado desta proba calificarase como apto ou non apto.

5.- A entrevista persoal versará sobre o currículum vitae presentado e coñecementos en relación ao servizo e traballos a realizar, e será avaliada polo Tribunal ata un máximo de 15 puntos.

6.- A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no



concurso de méritos e na entrevista, e o Tribunal formulará lista ordenada dos candidatos coa que se formará unha bolsa de traballo.

7.- Bolsa de Traballo.

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha vacante ou por necesidades extraordinarias do servizo acorde á lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión pola Alcaldesa-Presidenta, o Departamento de Persoal determinará as condicións do nomeamento ou contratación a realizar, que será o que corresponda segundo á lexislación vixente.
2. Ofrecerase ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación, sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos na relación de postos de traballo para seu desempeño.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ao aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o/a interesado/a non manifesta a súa conformidade co nomeamento entenderase que renuncia ao mesmo, e se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, ao menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
 - a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.
 - b) Prestar servizos na Administración Local da Comunidade Autónoma ou do Estado, como funcionario interino ou como persoal laboral temporal, así como en calquera organismo do sector público.
 - c) Prestar servizos no sector privado.
 - d) Enfermidade.Aos efectos da manifestación establecidos no primeiro parágrafo deste punto, os sábados serán considerados días inhábiles.
5. Os aspirantes que aleguen algunha de las circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán súa posición na bolsa. Nembargantes, non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións.



6. Os empregados interinos que cesen nun posto de traballo a resultas da Bolsa de traballo incorporarse automaticamente no último posto da Bolsa, e así sucesivamente, agás que a duración da prestación de servizos continuada sexa inferior a 1 mes natural ou 30 días, que neste caso conservarán seu posto orixinal da lista.
7. A renuncia do aspirante á prestación de servizos, unha vez nomeado ou contratado, determinará a súa exclusión da Bolsa de Traballo, aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á data de inicio.
8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente o si se esgota a bolsa, e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria para constituír unha nova bolsa.
9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a súa rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.
10. A duración das Bolsas de Traballo será de dous anos ou ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional conforme o punto nº 8; sen perxucio de que por necesidades do servizo sexa prorrogada.
11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcia co solicitante.
12. A Xunta de Persoal poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

Vilagarcía de Arousa, 04 de marzo de 2011.

O Alcalde en funcións

A Secretaria Xeral

Xosé Castro Ratón

Rosa Losada Suárez